

A queima da cidade de Betanzos no século XVI

Por X. E. RIVADULLA PORTA

No ano 1569 unha grande queima destrúe a totalidade da cidade de Betanzos, onde se queimaron máis de seiscentas casas. Atopamos no Arquivo do Reino de Galiza un expediente (1) que nos fala desta traxedia, que por ser de grande intrínseco histórico, comprome facer del un estudo que abrangue o seu proceso: En doce de Xunio de mil quinientos setenta e catro, a Xusticia e Reximento da Nobre cidade de Betanzos (2), a saber: O licenciado Bonifaz de Zúñiga, Correxidor e Xusticia da dita cidade pola S. M., Francisco Pérez de Lanzós e Andrade, Rodrigo Freire de Andrade, Xoán Rodríguez Suárez, Xoán Vidal da Pena, Xoán García Becerra e Martín Vidal Mourelle, Rexidores, e Bernal Guerra procurador xeral, estando xuntos en consello e axuntamento coma o tiñan de costume, no nome da cidade e dos rexidores ausentes, e como patróns do Hospital da Nosa Señora Anunciata, dan e otorgan Carta de poder e procuramento ante o escribán Andrés López de Pazos, para que Antonio Danido, rexidor da cidade, e Gonzalo do Vilar, procurador de causas da Real Audiencia de Galiza, e Pero Alonso de Valotanes, e Mariano de Saldienza, procuradores na Corte e Supremo Consello de S. M., poidan pregarlle ao Señor Rexente e Oidores deste Reino, para que teñan a de recibir información da grande queima que padeceu esta cidade de Betanzos no derradeiro ano de 1579, seguida dunha grande peste, perda moi grande de facenda, e pobreza dos veciños, e de como o devandito Hospital está sin redificar, e non pode rematarse a súa obra sin a mercede da S. M., e asimesmo pedirlle mercede e esmola para fortificación e aumento da dita cidade, e os cen moios, e as tres anegas de sal de que ten privilexio, foron testemuños, Lopo de Carregal, porteiro do Reximento; Gonzalo García, clérigo, e Xoán Pérez de Caneda, criado de Francisco Pérez de Lanzós.

En 15 de Xunio do mesmo ano Gonzalo do Vilar en nome dos veciños e Consello da cidade de Betanzos, diríxese ao Rexente e Oidores do Reino de Galiza, residindo a Real Audiencia na cidade de Sant-Iago, diste xeito: "Muy Illtre Señor; gonçalo de billar en nombre del consejo, justicia e regimiento de la ciudad de Betanços, digo que abra quatro anos poco mas o menos, que la dicha ciudad (falta) un fuego tan unyversal acaso fortuito, que se quemó (borroso) gran parte de la ciudad, en que se quemaron mas de seiscientas cassas y muy gran cantidad de bienes, por lo qual los vecinos e la mayor parte dellos, quedaron ynpedidos y destruidos, en tanta manera, que por quedar la dicha ciudad tan destruida y asolada y por los vecinos no tener posibilidad para edificar las dichas cassas, mucha parte dellos se fueron a beber a tierra de señorío, todo en grande deservicio de su magd, y en dysmynución de sus Reinos Reales y pérdida de la dicha ciudad, y por quanto conbiene al derecho de mis partes dar desto noticia a Su Magd y a los Senores de su muy alto Consejo, para que aga alguna merced a la dicha ciudad, mi parte para ayuda de la restaurar como cosa que tanto

(1) La Justicia y Regimiento de Betanzos, en la información de la quema de más de seiscientas casas de aquella ciudad. Figueroa, siglo XVI. Letra L. Legajo 1179/4. Archivo del Reino de Galicia.


(2) Resumen do documento que foi publicado por A. Martínez Salazar, en GALICIA, Revista Regional, Año I. Febreiro 1887. n.º 2. Páxina 127.

inporta a Su Real Servicio e aumento de la dicha ciudad, A V Senoria pido e suplico mande rescivir ynformación de todo lo susodicho a las dichas mis partes y de cada una cossa y parte dello, e de lo a ello anexo e dependiente, me lo mande dar signado y en pública forma y dara guarda del derecho de mys partes, y para ello V S.^a me mande prober un receptor con días y salario, y para ello lo firmo.—El Licenciado Xarpa (Rubrica)”.

A resposta a ista petición foi axiña, pois no mesmo día 15 de Xunio, o Rexente e Oidores e Alcaldes Maiores do Reino de Galiza, mandaban unha Carta e Prohibición para Xoán de Terranova, escribán de S.M., e receptor da Reial Audiencia, para que sendo con ela requerido por parte dos veciños da cidade de Betanzos, fora ás partes e lugares do Reino de Galiza, onde fora necesario, para tomar información dos testemuños, que quixerana dar e presentar en razón do contido sobor a devandita petición. En 22 do mesmo mes, na Audencia de Sant-Iago, foi presentada ista Prohibición Reial, ante o licenciado Francisco Flores, Fiscal de S.M. Na cidade de Betanzos, a 4 días do mes de Xulio do mesmo ano, Antonio de Anido, en nome dos veciños e do Reximento de Betanzos, fixo requerimento coa devandita Carta e Prohibición a Xoán de Terranova, para que tomara información. Ista comenzou na dita cidade a 7 días do mesmo mes, e foron presentados por testemuños, Alonso Ares, veciño da cidade de Betanzos, de 70 anos de idade; Rodrigo Fandiño, veciño de San Martiño de Brabío, de 34 anos de idade; Bernaldo da Torre, criado de S.M., veciño da vila de Vigo, administrador neste Reino de Galiza dos alfolís da sal, de 37 anos de idade; Xoán Pardo, escribán e veciño do Coto de Leiro, xurisdición do Conde de Monterrey, de 37 anos de idade; Fernán Ares de Saavedra, veciño do coto de Vilamourel, de 28 anos de idade; Gaspar Pardo, veciño de Vilamourel, de 40 anos de idade; Vicente Pérez, escribán e veciño de San Xoán de Ouces, xurisdición do Marqués de Sarria, de 52 anos de idade, e Xoán López Pardo, veciño de Cubeiro, xurisdición de Don Lope de Mendoza, de 30 anos de idade. Despois de facer xuramento en forma de dereito por ante unha sinal da cruz que puxeron na súa man dereita, declararon o seguinte con algunhas lixeiras variantes: Que coñecen de verdadeiro entendimento a Xusticia e Reximento da cidade de Betanzos por quen son presentados coma testemuños. Que fará 5 anos pouco mais ou menos (polo vran) no ano de mil quinientos sesenta e nove, viron polos seus propios ollos unha grande queima xeral, universal e fortuita, na que arderon máis de seiscentas casas, coa perda de moita facenda, mobles e axuares de casa, polo cal os veciños quedaron perdidos e sin algunha axuda, algúns morreron da peste que sobreviño de tanta miseria, outros deixaron a cidade por non ter posibilidade nin maneira de redificar as suas casas e foron a vivir a outras terras de señorío, deixando a dita cidade desamparada, coma foron entre outros, Gaspar Pardo, prateiro; Alonso Ruiz, ferreiro; Xoán Pardo, de Coirós, Landeira Ferro; Bernal García, escribán; Gomes Raposo, e o Mestre Vitoria, que se foron para terras do Marqués de Sarria e outros Señores que teñen terras nos arredores da devandita cidade de Betanzos. Nesta queima arderon as edificacións máis principais, coma foron o Hospital de Nosa Señora Anunciata, o Mosteiro de San Francisco, as casas do Concello, e o Hospital de San Cristobo, que era moi principal e proveitoso para a dita cidade, pola caridade que nel facíase uso e costume, recollendo todolos probes e pelegrins que a ela viñan, que tiveron que refuxiarse na casa dos Alfolies da Sal, pasando por elo moita calamidade. Os muros alcóntranse queimados e derrocados, e si esto fora pouco, houbo unha grande crecida do río que tirou a ponte vella, que é o paso principal para ir a moitas partes deste Reino. Perdeuse o trato e comercio que había na cidade pasando por elo grande dano e perxuicio ao Reino de S.M. e Corona Reial, e moi público e notorio que S.M. debe socorrer a dita cidade por ser unha das máis principais de Galiza.

Istas declaracións non deixan lugar a dúbida da necesidade que no século XVI pasou a devandita cidade de Betanzos.

Tódo los testimoñios declararon que a queima foi fortuita, mais nos atopamos unha folla solta que ven no comenzo do expediente, onde por unha cara di "In-formación de la quema de la ciudad de Betanzos", e pola outra trae un docu-mento do cal facemos presentación e transcripción, onde se demostra que un tal Esteban Ferron tivo que ver coa gran traxedia, que foi a meirande queima da cidade de Betanzos.



"DOCUMENTO, onde se demostra que un tal Esteban Ferron, Tivo que ver coa queima da cidade".

TRANSCRIPCIÓN

Nos el Regente e oidores y alcaldes mayores eneste Reino de Galicia por su magd y / que a vos executor desta rreal audiencia, que siendo rrequerido con esta nuestra provisión por parte / de alonso vasques, vais a las partes / y lugares deste rreino donde fuere neçesario y prendais al cuerpo y persona / de Esteban ferron, y preso a buen rrecado a su costa lo traed a la carze rreal que sea justiçia y ocupaos en ello visto / sobre su prisióñ probeamos lo desta rreal audiencia, para que por nos Díaz, y llevad en cada uno dellos tres / rreales, los quales abed y cobrad del dicho Esteban ferron, y de sus bienes que para todo ello vos damos poder / conplido, dada en Santiago a quinze días del mes de Jullio de quinientos y setenta y quatro anos.

Firmado. Licenciado Varaiz (Rúbrica)

Firmado. Licenciado Quiñones (Rúbrica)

